



CONCELLO
DE VIGO



'25
Vigo
cultura

XANEIRO | MAIO | 2025

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

XANEIRO • Venres 31

20:00 h. Percorrido: Paseo de Alfonso - Elduayen
- Porta do Sol

HEXAGONUM Troula - Galicia

Teatro de rúa itinerante

PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN



CONCELLO
DE VIGO



Elenco:

Abella Reina: Leonor Sangabriel
Vespa velutina: Sergio Domínguez
Abellas: Marta Pérez, Andrea Blanco
Fumigatis: Borja Calvar, Laura de Gabriel
Músicos Aberno: Iago Abalde-guitarra / Jorge Guerra-batería / Ana Shi Yu-violín
Sentinelas: Juan Gonzalez, José Luis Avión, Diego Roca

Equipo artístico:

Idea orixinal: Diego Roca
Dirección artística: Marta Pérez
Desenvolvemento de dramaturxia: Leonor Canales
Asistente de produción: Juan González, Laura de Gabriel e Sergio Rodríguez
Composición musical e ambiente sonoro: Jorge Guerra, Iago Abalde
Montaxe de iluminación e audiovisual: Jesús Andrés Tejada
Vestuario, atrezzo e escenografía: Cristina Pino, Gustavo Suásnabar
Estruturas: Manuel Fernández

Nacemento, creación, vida, pureza... versus morte, involución, caos, consumismo, cambio climático..., toda esta problemática da evolución do mundo moderno representada a través dunha abella mestra e a súa colmea para pór en valor a vida en comunidade e mostrar os abusos dos seres humanos na terra. Todo isto a través dunha posta en escena sorprendente: música en directo, marionetas xigantes, proxección audiovisual, pirotecnia, lume...



TODOS OS
PÚBLICOS

60
minutos



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO · Sábado 1

19:00 h. Percorrido: Rúa do Príncipe, dende MARCO a Porta do Sol

MEZZO. O FANTÁSTICO CIRCO DE INSECTOS XIGANTES DO DR. MEZZO · Espectáculo de Circo Itinerante Musical Pista Catro - Galicia

Espectáculo de rúa

PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Arturo Cobas / Aitor Garuz / Raquel Oitavén / Greta Mari / Paula Quintas / Martín Blanco / Ana Baacena
Idea orixinal: Pistacatro
Dirección artística: Antón Coucheiro
Produción: Belém Brandido, José Expósito
Vestuario e escenografía: Carlos Alonso
Axudante de dirección: Clara Gayo
Asistencia vestuario: Juancho Gianzo
Asistencia Escenografía: Rafael Barreiro
Construcción Escenografía: Escenonet
Maquillaxe: María Illobre
Músicas: Marcos Carballido e Kote Rodríguez
Coreografías: Marta Alonso
Deseño cartaz: Juan Gallego
Fotografía: Tamara de la Fuente e Ramón Yosihumura
Video: Tamboura Films

Giovanni di Mezzo, botánico, explorador e naturalista xenovés do século XIX, descobre unha illa no Océano Pacífico que alberga estrañas criaturas, descoñecidas especies de insectos nunha feira ambulante na que se deu en chamarlle como *O Fantástico Circo de Insectos Xigantes do Doutor Mezzo*.

Ao seu regreso a Europa, o doutor Mezzo exhibe algunhas destas criaturas nunha feira ambulante na que se deu en chamarlle como *O Fantástico Circo de Insectos Xigantes do Doutor Mezzo*.

Mezzo é un espectáculo itinerante cheo de cor, imaxinación e fantasía, co que Pistacatro quere recuperar por un lado o espírito de aventura das novelas de Julio Verne e, por outro, a estética visual dos circos ambulantes de finais do século XIX e principios do XX.



TODOS OS
PÚBLICOS

60
minutos

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

Venres 7 e sábado 8

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



AS GARDIÁS OU O NÓ DO TECELÁN

Teatro de Ningures - Galicia

Teatro



Ficha técnica e artística:

Autor: Nasser Djemai
Dirección: Cristina Domínguez
Interpretación: Casilda Alfaro, Melania Cruz, Amparo Martínez, Rebeca Montero e Sonia Rúa
Tradución: Henrique Harguindey
Adaptación: Vanesa Sotelo
Escenografía e vestuario: Carlos Alonso
Deseño gráfico, vídeo e fotografía: Diego Seixo
Espazo sonoro: Héctor Pazos
Iluminación: Héctor Pazos e Salvador del Río
Dirección de produción: Salvador del Río
Contratación: Lilian Portela. AMARELO Distribución.

AS GARDIÁS, ou o dereito a decidir como xestionar a nosa propia velez.

O humilde piso de Rosa, nun vello edificio no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio acoledor dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa (que se topa nunha cadeira de rodas) e as súas compañeiras, Ana, Marga e Susana, son operarias xubiladas da industria téxtil, e están decididas a preservar a súa independencia. Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do ben envellecer. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as vellas mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria de que a súa é a postura mellor.

A peza, *As gardiás*, reflexiona sobre os coidados á velez, contrastando o mundo das residencias protexidas co calor humano da familia e a comunidade. O autor, Nasser Djemai, narra con sensibilidade a resistencia destas "gardiás" contra a inclemente modernidade. A través das vivencias destas mulleres, a peza explora o desexo de vivir e a solidariedade comunitaria, e nos interpela a todas as persoas sobre como, onde e con quen queremos envellecer.



G

Adulto

90
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO • Domingo 9

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CASTELAO

Culturactiva - *Galicia*

75º ANIVERSARIO DO FALECIMENTO DE
ALFONSO R. CASTELAO

Teatro



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Mónica Camaño, Cris Collazo

Dirección: Fina Calleja

Texto: Paula Carballeira

Proposta espazo escénico: Carlos Domínguez Del Río

Deseño de vestuario: La Canalla

Deseño de iluminación: Abrahán Sande

Deseño imaxe e material gráfico: Rocío Cibes, Víctor Rivas

Composición musical: Ramón Raíndo

Producción: Culturactiva S. Coop. Galega

Castelao é a primeira proposta escénica para a infancia sobre o rianxeiro, figura capital da historia das artes en Galicia. A obra presenta a un Castelao de 8 anos, divertido e aventureiro, baixo unha tensión dramática que cabalga sobre o lombo dunha persecución polas rúas de Rianxo nas horas previas á partida cara a Argentina do pequeno e a súa nai. Queda pouco tempo, as horas antes de embarcar escorregan entre os dedos e a ausencia do neno da casa familiar farase notoria para Xoaquina.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO • Venres 14

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



#INFLUENCERS

NegroLópez - Galicia

Teatro/comedia

ESTREA MUNDIAL



Ficha técnica e artística:

Dirección e dramaturxia: Chiqui Pereira

Dirección de movemento: Pablo Sánchez

Elenco: Elsa Comesaña, Iván Davila, Brais Iriarte e a colaboración especial de Pablo Meixe

Música e espazo sonoro: Brais Iriarte

Produción: Iván Davila

Deseño de escenografía, iluminación e vestuario:
Nononon.lab

Audiovisuais: Le BarLuthier e NegroLópez

Músicos de estudio: Malena García (bombardino),
Chucho González (percusión) e Iago Ramilo (saxo)

Agradecementos: Don Corcheiro / Ramón Davila /
Chucho González / Zoe Iriarte / Isabel Grande / Míriam
Rodríguez / Morihei Ueshiba

ELO MAIS Influencer Race Spain é un concurso no que diferentes creadores de contido competirán para demostrar quen é o mellor! E xa se sabe, nesta época dominada por likes, sempre hai alguén disposto a por en dúbida o resultado dunha votación...

#Influencers é un espectáculo teatral que ofrece unha mirada cómica e reflexiva sobre a cultura que arrodea a creación de contido nas RRSS, tomándoa como un espello no que se reflicte a sociedade contemporánea.



G

Adulto
(+13)

70
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO · Sábado 15

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

MULLERES QUE VIVEN SOAS #MQVS

Berrobambán - Galicia

Teatro



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Paula Carballeira, María da Pontragha e Vero Rilo

Dirección: Nuria Sanz e Chiqui Pereira

Dramaturxia: Paula Carballeira a partir de textos de Xiana Arias, María da Pontragha e Vero Rilo

Escenografía e iluminación: Montse Piñeiro

Espazo sonoro: Xiana Arias

Vestuario: Lola Armesto

Selección de cantigas: María da Pontragha

Imaxe gráfica: Nadina - Gráfica

Fotografía: Charo López

Protagonizada polas Tres Bruxas que profetizan o ascenso de Macbeth ao trono na peza de Shakespeare. Tres bruxas que encarnan os males deste mundo e que nos serven de referencia para rirmos da diferenza entre como nos ven (ou nos contan) e como nos sentimos nós dentro das nosas casas.

Espectáculo híbrido entre o teatro documental, a standup comedy e o teatro isabelino interpretado por tres das contadoras de historias máis relevantes do país: Paula Carballeira, María da Pontragha e Vero Rilo. Tres mulleres excepcionais para dar voz e corpo a historias reais e personaxes femininas de ficción.

Mulleres que viven soas é unha coprodución de Berrobambán e o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) de Carballo.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO · Domingo 16

Pases: 12:00, 16:30 e 18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, Praza do Rei, 1

MADAME LUMIÈRE

La Menuda Produccións - Cataluña

Música e danza para a primeira infancia

AFORO SÚPER REDUCIDO EN ESCENARIO



Todas as persoas, incluídos bebés, pagarán entrada.

A organización recomenda no espazo de representación (escenario) só unha persoa adulta por neno/a ou grupos de neno/s. O resto do público poderá sentarse de balde no patio de butacas, con visibilidade reducida, ata completar capacidade.

CONCELLO
DE VIGO



Intérpretes:

Vixiante da noite: Faló García i Pellejà
Madame Lumière: Aina Sánchez / Anna Castells
Layla: Jana Noguera

Ficha técnica e artística:

Piano, saxo e voz: María Cruz
Violoncello: Edgar Casellas
Autoría e dirección artística: Faló García i Pellejà
Dirección escénica: Anna Castells
Escenografía: Fanny Espinet e David Faüchs
Vestiario: Sílvia Jou
Dirección Musical: María Cruz
Iluminación: Jan Verdú
Producción: La Menuda Produccions
Distribución: Kandengue Arts

O crepúsculo cos últimos raios de luz do día entra no teatro. Entre a escuridade e as cores avermelladas, alaranxandas e azuis, irán aparecendo grilos e melodías clásicas que darán a benvinda á noite. As estrelas chiscarannos o ollo e as luces cálidas dos fogares abríranse, mentres os máis pequenos da casa, a ritmo dunha sutil melodía, pecharán os ollos entrando nun soño doce e profundo. É nese momento cando chega *Madame Lumière*. Esta encargárase de dar vida aos soños ao longo de toda a noite: soños en mares profundos, soños de nenez, soños en carpas de circo... e mesmo nalgún pesadelo.

Madame Lumière é un espectáculo pluridisciplinar (música, danza, escena e luz) que nos abocará, a través dunha viaxe onírica, a emocionarnos a partir da poesía visual.

Este estará enmarcado cun delicioso ambiente sonoro e unha banda sonora que foxe da infantilización da música. Unha homenaxe á luz, a música e os soños.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

Venres 21 e sábado 22

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

IRIBARNE

ButacaZero - Galicia

Teatro



Ficha técnica e artística:

Elenco: Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge de Arcos e Esther F. Carrodegas
Coreografía e ax. Dirección: Sabela Domínguez
Aesoramento coreográfico tradicional: Artur Puga
2º axte. Dirección: Antonio Castro
Espazo sonoro e temazos: Berto
Espazo escénico: Xavier Castiñeira e Diego Valeiras
Vestuario: Diego Valeiras
Iluminación: Diego Vilar–equipo creativo RTA
Audiovisuais: Pablo Fontenla
Editor fx: Antón Miranda
Asistencia técnica: RTA–recursos técnicos artísticos

CONCELLO
DE VIGO



Texto: Esther F. Carrodegas
Dirección: Xavier Castiñeira
Producción: Juancho Gianzo e Esther F. Carrodegas
Entrevistas: Inma López Silva, Pablo Fontenla

Unha produción ButacaZero en coprodución co Centro Dramático Nacional e a MIT de Ribadavia.

Para traballar na escritura desta peza a autora gozou dun intercambio coa compañía Hika Teatroa, dentro do programa Cruces de Camiño Escena Norte, dunha Residencia Mariñán da Deputación de A Coruña e Axóuxere Editora e dunha residencia de escritura na Sala Beckett no ano 2023.

IRIBARNE é un tipo nado na mesmísima vila de Rouco Varela (sí: o cardeal) durante a Monarquía de Alfonso XIII (o primeiro promotor do cine porno en España?, si-sí: ese). Emigrado a Cuba con tan só un aníño -coincidindo coa inauguración da ditadura de Primo de Rivera- tras facer as Américas durante un par de anos o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (e o da francesa!). Empeza o bacharel coa entrada da II República, case-case se fai cura durante a Guerra Civil pero decide liscar a Madrid -segundo o rastro doutro galego ilustre- nada máis inaugurada a Era do Devandito (sí, claro: O Caudillísimo). Con tanto afán tentou ser como el que máis pronto que tarde chegou a ser Ministro no seu mandato, a pesar de ter disparado dous días antes contra o cu da súa filla (pero que dis? Si-sí: dato real). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír ao Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tívo que conformarse co cargo de Vicerrei na súa querida Terra Galega. *IRIBARNE* é unha investigación escénica sobre unha desas figuras absolutamente imprescindibles do noso pasado recente. Un intento (irreverente) por comprender como chegamos acá aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as verdades sen condón. Pero ollo: por máis que o poida parecer, isto NON é un biopic sobre Manuel Fraga. Teríanos encantado facelo... pero non collía nunha soa obra!



* con descanso
intermedio
de 15 minutos



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO • Domingo 23

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

LA BRUJA RECHINADIENTES

Katua&Galea Teatro - Castela-León

Teatro de monicreques musical



Ficha técnica e artística:

Dirección: David Galeano

Creación: David Galeano e Pilar Borrego

Música orixinal: Chloé Bird

Textos e cancións: Raúl Vacas

Texto orixinal do conto: Tina Meroto

Adaptación do conto: Raúl Vacas, Pilar Borrego, David Galeano

Actores e manipuladores: Pilar Borrego, Víctor Cerezo, Alfonso Peña

Deseño e construción de monicreques: Alejandro Lucas

Deseño de escenografía: Eusebio San Blanco

Deseño de audiovisuais: Katua&Galea Teatro, Arturo Ledesma

Vestuario: Ramona Malmierca, Teresa Sánchez

Narracións: Pau de Nut

CONCELLO
DE VIGO



Iluminación, son e vídeo: Laura Rodríguez, Alberto Gómez / Daniel Cuadrado

Asistente de actores e substitucións: Álex Regalado

Produción: Katua&Galea Teatro, Junta de Castilla y León

Deseño de publicidade: Patricia Sánchez.

Vídeo promocional: Virtudes Mesonero

Fotografía: Tom Nogales

Agradecementos: Editorial OQO

Inspirada nos clásicos contos de bruxas e no folclore, esta produción da compañía Katua&Galea Teatro achégate a un mundo misterioso e cheo de perigos, no que tres valentes irmáns desatenden as advertencias da súa nai e penétranse nun bosque escuro onde descubren unha casa na que vive unha bruxa. Alí os tres protagonistas terán que enfrontarse aos seus medos para poder escapar.

A música e a aventura cobran vida no escenario con este emocionante e cativador espectáculo de monicreques *La Bruja Rechinadientes*, cuxa trama se desenvolve no medio de sombras e claroscuros, a través dunha viaxe emocionante cara ao descoñecido. A impresionante escenografía, uns monicreques asombrosos e unha serie de efectos audiovisuais e luminicos son os ingredientes deste espectáculo que che mostrará o inquietante universo das bruxas. E todo iso, cunha increíble banda sonora que poderás escoitar despois do espectáculo a través dun código QR.

Prepárate para vivir un mundo máxico e misterioso con *La Bruja Rechinadientes*, unha adaptación libre do conto homónimo publicado pola editorial OQO e na que se abordan temas universais como o medo, a valentía e a astucia.

Unha rata con catro ollos e un peixe con ás froito duns conxuros errados, tres irmáns e a súa nai, uns veciños que sempre están a criticar, tres esqueletos co seu coro de baile e a bruxa Rechinadientes. Todos estes personaxes aparecen en escena nun espectáculo que te seducirá e co que o pasarás de medo.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO · Venres 28

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

NIK-EU

iXa - Galicia

Danza contemporánea

ESTREA EN GALICIA



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Rossanna Freda, Nacho Sanz, Raúl Melcon /

Miguel Arévalo e Xián Martínez

Dirección artística e idea orixinal: Xián Martínez

Coreografía: Equipo en colaboración

Asistencia de dirección: Fernando Troya

Espazo Sonoro: Aire e Fernando Careaga

Dirección técnica e iluminación: Fermín Izko

Vestuario: Cachorro Lozano

Escenografía: Mariona Signes, Juncal e Xián Martínez

Fotografía: Blanca Rázquin e Elena Castellanos

Produción e dirección xeral: iXa (Mariona Jaume e Xián Martínez)

NIK-EU é a última produción da compañía viguesa iXa, unha proposta de danza contemporánea creada para catro intérpretes. A obra, dirixida por Xián Martínez, segue coa filosofía da compañía de desenvolver obras enfocadas nas artes do movemento pensadas especificamente para públicos non especialistas, buscando conectar co imaxinario colectivo e coa propia experiencia persoal do público asistente.

A compañía amosa unha preocupación por levar á escena temáticas que xeren conciencia crítica e que conecten co humano, apostando por cuestións sociais de perspectivas de xénero e máis especificamente de contido LGTBIQA+. A peza foi coproducida polo goberno de Navarra a través da fundación Baluarte, Lekuona Fabrika de Rentería e a propia compañía.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO · Sábado 1

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

O MONÓLOGO DE DAVID PERDOMO

David Perdomo - *Galicia*

CONCELLO
DE VIGO



Humor, sátira, ironía e rock and roll son os sinais de identidade deste monolguista cun irreverente e particular xeito de facer comedia. Ademais da de cómico, outras facetas de David Perdomo son as de músico e presentador de televisión.

Monólogo/humor



C

Adulto

70
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO • Domingo 2

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

COMPAÑA

Xampatito Pato - Galicia

Teatro con obxectos e circo



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Interpretación: Jesús Velasco
Ollada externa: Jorge Jiménez
Deseño de escenografía: Jesús Velasco
Escenografía: CruLe Producións
Deseño de luces: Rafael Díaz Ramírez
Deseño de vestuario: Alicia Tojo
Pintura: Raquel Germade
Costura de atrezzo: Lorena Mariño
Deseño gráfico: Berbal Studio
Fotografía: Leticia Mariño e Sol Álvarez
Distribución: María Mariño Kandengue Arts

Un personaxe solitario en busca de compañía explora a súa imaxinación para dar vida a cada un dos seus pensamentos.

A través deste proceso, logra sentirse acompañado e leva ao público por un camiño cheo de sorpresas e risas. Este espectáculo fusiona harmoniosamente o circo co mundo das marionetas, creando imaxes e escenas que transportan ao espectador a un mundo surrealista e onírico.

O obxectivo é brindar unha experiencia agradable onde o público pode gozar da beleza e o humor sen preocuparse por outra cousa que non sexa deixarse levar pola emoción do momento.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO • Domingo 9

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



LA MAESTRA

Anita Maravillas&Portal 71 - Euskadi

Monicreques

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



Ficha técnica e artística:

Idea orixinal: Miren Larrea
Dirección: Iván Alonso
Deseño e construción de monicreques: Valentina Raposo
Dirección artística e técnica: Ion Chavez
Intérpretes: Miren Larrea/ Maren Basterretxea, Valentina Raposo
Música orixinal e versións: Fran Lasuen
Colaboración musical: Garazi Navas
Deseño de iluminación: Ion Chavez
Escenografía: Atx Teatros
Deseño e realización de vestiario: Betitxe Saitua
Vestiario monicreques: Paulette San Martin
Atrezzo: Jabi Tirado
Letras e cancións: Miren Amuriza
Registro do proceso creativo: Miren Amuriza e Malen Amenabar
Ilustracións/cartel: Malen Amenabar

Fotografía: Txelu Angoitia
Produción executiva: Iratxe Extremiana e Ivan Alonso
-Portal 71
Coordinación produción: Ainhoa Bernaola
Distribución: Rocío Pindado-Portal 71
Colabora: Zornotza Aretoa
Residencias en Topic Tolosa-Harrobía Bilbao-Casa de los títeres de Abizanda
Axuda en xira: Inaem-Instituto Etxepare

Subvención: Gobierno Vasco

**PREMIO FETÉN 2024 AO MELLOR ESPAZO ESCÉNICO
ESPECTÁCULO RECOMENDADO POLA REDE NACIONAL DE
TEATROS**

A maestra é valente, hábil e cacarela. Cre nas capacidades dos nenos e as nenas, nas de todos e todas.
A maestra e a súa pequena clase construíron xuntos unha fermosa escola, unha escola no bosque con cabida para todos os animais.

A palabra máis querida pola nosa maestra é a liberdade, polo que quere que a súa clase creza libremente.
Desgraciadamente, os maiores comezan unha guerra que obrigará aos nosos protagonistas a deixarse atrás a súa soñada escola, unha escola construída desde o amor e o coitado mutuo. A historia de *A Maestra* é un intento tolo e fermoso de ser libre e feliz. A través desta historia viaxan as palabras daquelas valentes mestras e rumoréannos ao oído que a primeira condición para ser libre é tentalo.

La Maestra rescata a imaxe daquelas educadoras da república que floreceron como apaixonadas mestras. Conscientes de que o dereito á educación converterían nunha sociedade mellor, aquelas mulleres traballaron con ilusión e liberdade. A súa inquebrantable vocación fíxolles soñar e traballar por unha escola aberta a todos e todas, con innovadoras metodoloxías, baseada no ideal da solidariedade humana.

Por iso, a protagonista da nosa historia será unha valente maestra de pobo que, ademais de ensinar, cree no seu alumnado. Revoluciona o funcionamento da escola. Rompe cun pasado gris e sente parte dun cambio imparable.
Con todo, esa situación non durará máis que uns poucos anos. Un caloroso día de verán os poetas e as mestras serán castigadas pola súa xenerosidade, paixón e, sobre todo, polo seu amor á liberdade. A guerra frustrará o proxecto educativo que estaban a construír. A nosa protagonista verase obrigada a fuxir xunto aos seus estudantes, coa esperanza de poder salvar o seu futuro.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO • Venres 14

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

AS R(H)UMOROSAS

Etiqueta Negra Producciones - Galicia

Comedia



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Interpretación, texto, espazo escénico e dirección:

Marta Doviro, Carmen Méndez e Leticia Sola

Vestuario: Lumecú

Complementos: Silvereira

Zocos: Elena Ferro

Maquillaxe: Fani Mosqueira

Música e letra: Marta Doviro, Carmen Méndez e Leticia Sola

Canción "as Nosas"

Música: Diego Guerrero

Letra: Marta Doviro, Carmen Méndez, Leticia Sola e
Diego Guerrero

"Só unha de cada dez rúas ten nome de muller". A partir desta noticia real *As R(h)umorosas* comezan a procura de mulleres ilustres galegas para actualizar os ruiros do noso país. As candidatas a ter unha rúa co seu nome teñen que demostrar a súa valía durante un peculiar proceso de selección.

Nesta comedia orquestrada por Carmen Méndez, Marta Doviro e Leticia Sola, coñeceremos, entre rumor e humor, máis detalles das vidas destas mulleres galegas dun xeito diferente e divertido.

As R(h)umorosas falan, cantan e bailan para dar vida a estas mulleres e serán tamén xuíz e parte nesta escolla.

Nun formato que mestura os monólogos con sketches cómicos, poesía e música, achegámonos aos detalles máis descoñecidos de grandes nomes como Emilia Pardo Bazán, María Casares ou incluso lendas como a de Pepa A Loba. Todas elas terán que postularse e facer valer os seus méritos para ser coñecidas e recoñecidas por toda a sociedade.

Marta, Carmen e Leticia danlles voz a estas e outras mulleres ilustres de Galicia a través de situacións imaxinarias como unha entrevista no SEPE, un programa de chismes ou un talent show.

Todas estas situacións en clave de humor fórmulanse coa idea de xogar, imaxinar e sobre todo de coñecerlas un pouco mellor. *As R(h)umorosas* cantan non só falando, senón tamén cantando, tocando en directo, recitando e bailando.

O resultado é un espectáculo divertido, auténtico e que achega un gran valor cultural.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO · Sábado 15

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

TRIBAL

Óscar Ibáñez & Tribo - *Galicia*

Folk-tradicional



CONCELLO
DE VIGO



ÓSCAR IBÁÑEZ é un gaiteiro e frutista fascinante que, partindo das raíces, crea unha fusión musical atlántica, entre investigación e creación, dando como resultado un son engaiolante con selo propio. Na súa proposta altamente enérxica e dinámica, as melodías tradicionais galegas, peninsulares e europeas enriquecécese con variacións e voces virtuosas, elaboradas a partir dunha linguaxe actual, sobre unha base rítmica contundente, na que os ritmos galegos se mesturan con outros xéneros europeos e americanos.

Este ano celebra o 20 aniversario da súa traxectoria artística coa súa banda en directo ÓSCAR IBÁÑEZ & TRIBO, co seu novo espectáculo *TRIBAL*, no que combina novas creacións con algúns dos temas máis destacados dos seus traballos discográficos nunha espectacular viaxe sonora chea de orixinalidade, imaxinación e creatividade, na que predomina o son celta.

ÓSCAR IBÁÑEZ & TRIBO está formado por excelentes músicos de longa e recoñecida traxectoria, que formaron parte das bandas dalgúns dos máis destacados artistas e grupos da música folk, como son: Suso Iglesias (Xabier Díaz, Nova Galega de Danza), acordeón ; Harry.c (Milladoiro), violín; Xosé Liz (Riobó, Anxo Lorenzo), bouzouki; Paco Dicenta (Mercedes Peón), baixo; e Leandro Deltell (Budiño), batería e percusión; Teresa Gómez (Son de Seu), zanfona; Carla Villanueva, xilófono; e 6 gaiteiros da Banda de Gaitas Suevia.

Con esta formación realizaron máis de 250 concertos por toda a Península Ibérica, Alemaña, Bretaña e Italia, participando nalgúns dos festivais de música folk internacionais máis importantes como: Festival de Rudolstadt, Festival Intercéltico de Lorient, Le Son Continu, Festival Capodanno Céltico, Festival do Mundo Celta de Ortigueira, Festival Intercéltico do Morrazo, Festival Internacional Celta Reino de León, Sauga Folk, Folkomillas, Folk Plasencia, Folk Canarias ou Festival de Folk Celta da Ponte da Barca, entre outros.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO • Domingo 16

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA

Galitooon - Galicia

Teatro de obxectos (monicreques)



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Dirección: Chisco Casteleiro

Elenco / Manipuladores: Jona García (Rosalía, Sra.Toupa, Sra. Ovella, Xirafa Rafa, Mr. Elefante) / Chisco Casteleiro (Bruno)

Guión: Andrea Bayer

Espectáculo orixinal da serie de Clan tv; "Tutú" de Ficción producciones.

Galitooon continúa así coa súa constante experimentación: nesta nova peza cambia de estilo no deseño de arte e cambia a técnica de manipulación "co teatro de xoguetes", sen esquecer o seu selo propio. Rosalía conta un conto sinxelo pero tremendamente sedutor para os nenos:

Esta é a historia dunha pulga moi pequena que se chama Rosalía.

Todos os días escribe unha carta, métea nun sobre e entrégalla ao carteiro motorizado, Bruno, o Canguro.

Cada carta ten un destinatario peculiar: unha toupa que non ve, unha ovella que non sabe ler, unha xirafa que perdeu os seus lentes e un elefante que só fala en inglés. A mensaxe das cartas é igual para todos: "Na vindeira lúa chea, festa na casa de Rosalía."

A lúa chea aproxímase e todos van recibindo a súa invitación.

Todos menos Bruno. ¿Por que?



G

+2

60
minutos

5€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO • Venres 21

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

TESTOSTERONA

Malasombra Producións - Galicia

Teatro



Ficha técnica e artística:

Elenco: Camila Bossa e Luis Iglesia

Autora: Sabina Berman

Versión e dirección: Xoque Carbajal

Axudante de dirección: Jouse García

Escenografía e vestuario: Diego Valeiras

CONCELLO
DE VIGO



Iluminación: Xoque Carbajal
Montaxe de son: Pepe Castro e Chema Gómez
Fotografía: Xoque Carbajal
Vídeo: Pepe Castro

SINOPSE: O director dun importante medio de comunicación debe deixar o seu posto en mans dun dos seus dous subdirectores. Un é muller, home o outro. Que influirá nesa decisión?: a capacidade?, o sexo?, a experiencia?, a audacia?, o engano?, a trampa?..

SOBRE TESTOSTERONA: Como primeira aproximación poderíamos dicir que *TESTOSTERONA* é unha comedia, mais aínda sendo posiblemente certo ese etiquetado de pouco nos ía servir, pois non faría referencia máis que ao envoltorio e a razón da elección deste texto non está na forma, sen desdeñala, senón nos contidos que conforman a peza.

TESTOSTERONA fala de desigualdade laboral; un home e unha muller optan a un posto de máxima responsabilidade nun medio de comunicación de ámbito nacional. Como debe actuar ela para ser a elixida? Por que non é suficiente a súa capacitación, o seu talante, a súa formación e a súa intuición?

Todos esperan que actúe como o faría un home. Esperan que reproduza as regras de poder deseñadas polos homes.

TESTOSTERONA parece unha fábula contemporánea na que son posibles múltiples lecturas; pero na que unha sobreesae: a idea de que a muller se conforma con alcanzar as cotas de poder que o sistema –creado por homes– estableceu. Iso apréciase nas reivindicacións que as mulleres fan (aínda hai poucas directoras, poucas executivas, poucas catedráticas) e así os mecanismos de corrupción instalados nas estruturas de poder perpetúanse.

TESTOSTERONA, proponnos unha reflexión profunda sobre a desigualdade laboral por cuestión de sexo, pero faino de maneira que nos sorprenderemos cun sorriso debuxado nos nosos beizos, vendo as peripecias destes personaxes.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



G

Adulto

70
minutos

8€

MARZO · Sábado 22

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



CASTING LEAR

Barco Pirata - Madrid

Teatro



Ficha técnica e artística:

Elenco: Andrea Jiménez, Juan Paños e un actor diferente cada noite.

Creación e texto: Andrea Jiménez

Dirección: Andrea Jiménez e Úrsula Martínez

Dramaturxía: Andrea Jiménez e Olga Iglesias

Deseño de escenografía e iluminación: Judit Colomer

Espazo sonoro: Lucas Ariel

Deseño de vestiario: Yaiza Pinillos

Movemento: Inés Narváez e Amaya Galeote

Axudante de dirección: Óscar Martínez-Gil

Dirección de produción e produción executiva:

Nuria-Cruz Moreno

Axunto dirección de produción: Fabián Ojeda Villafuerte

Xefa de produción e rexedoría: Blanca Serrano

Xerente en xira e rexedoría: Paco Flor

Dirección técnica: Manuel Fuster

Administración: Henar Hernández

Xefa de prensa: María Díaz

Fotografía: Sergio Parra

Deseño gráfico: Eva Ramón

Distribución: Fran Ávila Distribución

Transporte: FJS Transportes

Unha produción de Andrea Jiménez, Barco Pirata e Teatro de la Abadía.

“Mi padre es Lear, pero nunca ha entrado en un teatro. Yo soy Cordelia. Y soy directora de teatro. Como ella, voy a buscar a Lear, voy a atreverme a mirarlo y voy a intentar perdonar. Y lo voy a hacer desde un escenario. Cada noche, un actor distinto, será? Lear, será? mi padre, será? un posible padre, uno que sí? quiera sentarse en un teatro a conversar.


Voy a ser Lear yo también, y como él con sus hijas, voy a hacer un casting, un casting de padres”.

Esta versión-simulacro do Rei Lear aspira a ser unha porta aberta para pensar cómo nos relacionamos cos nosos pais, os biolóxicos, pero tamén os metafóricos, incluído o mesmo William Shakespeare. É unha autoficción a partir dun clásico ou un clásico autoficciónado, e oxalá ningunha das dúas cousas. É unha peza sobre a orixe, sobre cómo o que veu antes nos persigue aínda que queiramos ignoralo. Sobre cómo nos constrúen quen nos preceden. Sobre cómo inventar unha vida que te pertenza sen esquecer o pasado. Sobre cómo imaxinar outros finais posibles.

Andrea Jiménez, creadora de *Casting Lear*.

Sobre o proxecto: Nesta ocasión, Andrea investiga os cruces entre ficción e realidade, teatro e performance nesta irreverente adaptación de Rei Lear de William Shakespeare, na que dirixe en directo a un actor distinto cada noite no rol de Lear.

Andrea abre así un espazo de encontro con toda unha xeración de actores e homes parareflexionar sobre a paternidade, o amor e o perdón, nun exercicio teatral tan valente como lúdico.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MARZO • Domingo 23

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

MOLTO BARROCO

Píscore - Galicia

Teatro comedia



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez, Pablo Cabanelas

Dirección: Fran Rei

Escenografía: Píscore, Fran Rei e Jorge Lamas

Música orixinal: Adrián Saavedra

Iluminación: Javier Ayude "Beca"

Vestuario: La Canalla

Seleccionada no Certame Barroco Infantil do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro 2024

Molto Barroco é unha reivindicación das composicións musicais barrocas desde o teatro e o humor. Con motivo do baile de petición de man da súa prometida, o Rei encarga ao Compositor da corte unha peza orixinal. Esta solicitude desencadea unha serie de escenas cómicas entre o Compositor e os seus tres músicos de cámara nas que teñen cabida todo tipo de gags, rutinas cómicas e musicais, bailes e ata xogos malabares.

Pero, paralelamente, o espectáculo nútrese doutra sinxela trama, unha sorte de comedia de enredo entre o Rei, a súa prometida e, se cadra futura Raíña, e o Compositor. Un triángulo amoroso que contará coa complicidade dun Bufón de actitude irreverente.



G

TODOS OS
PÚBLICOS

65
minutos

5€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL • Venres 4

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

AS DESTERRADAS

Produccións Teatráis Excéntricas - Galicia

Teatro

AS DESTERRADAS

DE CARME VARELA

Dirección Quico Cadaval



Ficha técnica e artística:

Elenco: Belén Constenla, Melania Cruz, Rocío González, Rebeca Montero, Patricia Vázquez e Víctor Mosqueira
Espazo Escénico: Laura Iturralde e Quico Cadaval
Espazo Lumínico: Laura Iturralde
Espazo Sonoro: Piti Sanz
Deseño de Vestiario: Celia Sineiro
Deseño Gráfico: Javier de la Rosa
Fotografía: Sabela Eiriz
Vídeo: Sonia García
Axudante de Dirección: Mon Serodio
Xefe de Producción: Rubén G. Pedrero
Autoría: Carme Varela
Dirección: Quico Cadaval

AS DESTERRADAS de CARME VARELA (25º Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais)

No século XVI unha pequena comunidade de monxas á beira do Miño vese ameazada pola cobiza da xerarquía eclesiástica. Os señores da Igrexa, para rematar coa resistencia das freiras non dúbida en difamalas e ameazalas por todos os medios, desde o tribunal da inquisición á violencia das mesnadas señoriais. Carme Varela reconstrúe nun thriller conventual aqueles tempos de resistencia das comunidades de mulleres autosuficientes e poderosas. A vida parece continuar coas súas rutinas de rezos, bordados e melindres, mais a negra sombra da ameaza exterior abátese sobre o convento de Albeos.

A heroica resistencia daquelas freiras chega agora encarnada nun elenco luxoso (Melania Cruz, Patricia Vázquez, Rebeca Montero, Rocío González, María Costas e Víctor Mosqueira), iluminadas por Laura Iturralde e dirixidas por Quico Cadaval.

A obra de Carme Varela foi un fenómeno editorial singular. Chegou ás cinco edicións nun ano, insólito para un texto teatral.

Estrea o 6 de marzo no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

CONCELLO
DE VIGO



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL • Sábado 5

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

LA VIOLACIÓN DE LUCRECIA

Teatro Clásico de Sevilla - *Andalucía*

Traxedia



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Actriz: Lorena Ávila
Dirección: Alfonso Zurro (ADE)
Autoría: Alfonso Zurro (A partir do texto de Shakespeare)
Produción: Juan Motilla
Deseño Espazo Escénico e Vestuario: Curt Allen Wilmer e Leticia Cañán (AAPEE)
Música e Espazo Sonoro: Elena Córdoba (Novia Pagana)
Deseño iluminación: Florencio Ortiz (AAI)
Deseño gráfico: Ángel Pantoja
Videoescena: Fernando Brea
Equipo Técnico: Tito Tenorio, Fernando Brea, Enrique Galera, Xitxo Oliveira
Axudante de Dirección: Verónica Rodríguez
Realización vestuario: Rosalía Lago
Realización escenografía: TCS
Maquillaxe e perruquería: Manolo Cortés
Coreografía: Isabel Vázquez
Fotografía: Luis Castilla
Fotografía programa man: Fernando Brea
Video: Agustín Hurtado / La Buena Estrella
Colabora: Luis Alberto Domínguez
Distribución: Lola Solís
Comunicación e administración: Ángeles Roquero

A peza teatral que presentamos céntrase no poema *A violación de Lucrecia* de William Shakespeare, de 1594. Ao redor del, Alfonso Zurro escribiu e desenvolveu unha dramaturxia moi especial. Primeiro para articulo como monólogo feminino. E despois, abrílo en varias liñas dramáticas que amplíen o feito histórico e achegándoos até os nosos días.

Lucrecia colócanos ante a violencia e a crueldade que leva un acto tan terrible. Un texto límpido que desenvolve diferentes planos de acción. Ao centrarse nos acontecementos narrados pola mirada de Shakespeare, provoca un efecto de perplexidade, que non deixa indiferente ao espectador. O ton, a economía expresiva, a firmeza do perfil do personaxe, a pulcritude da linguaxe, a dor física e emocional de Lucrecia... Todo iso, condénsase nesta peza que describe con claridade o que é o uso da forza, o dominio e a humillación sistémica da violación como arma machista contra a muller.

Un espectáculo para almas incandescentes.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL • Domingo 6

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

NANAI DA CHINA Pérez&Fernández - Galicia

Teatro e monicreques



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Texto orixinal: Xabier Romero

Adaptación e dirección: Victoria Pérez

Elenco: Victoria Pérez e Manu Fernández

Produción: Pérez&Fernández

Nanai naceu unha noite sen lúa. Os seus veciños e veciñas rexéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir que non, e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do río Yangtsé en compañía de Chispúm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra a estúpida superstición da xente. Nanai e o seu avó elaboraron un plan que non sempre sae tan ben como imaxinaron.

Nanai da China é un espectáculo de teatro para público familiar onde os títeres e os actores se fusionan para representar un conto orixinal cheo de maxia, aventuras e humor. A peza foi gañadora do Premio María Casares 2024 na categoría de monicreques.



G

+5

45
minutos

5€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

Venres 11 e sábado 12

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

RECONVERSIÓN

Ibuprofeno Teatro - Galicia

Teatro

IBUPROFENO TEATRO PRESENTA

RECONVERSIÓN

DE SANTIAGO CORTEGOSO



ARTUR ABAD
CRISTINA COLLAZO
SANTIAGO CORTEGOSO
CÉSAR GOLDI
CELIA GONZÁLEZ
DAVIDE GONZÁLEZ
FRAN LAREU
NANI MATOS



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Artur Abad, Cristina Collazo, Santiago Cortegoso, César Goldi, Celia González, Davide González, Fran Lareu e Nani Matos

Texto e dirección: Santiago Cortegoso

Codirección e iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Diseño de son e dirección musical: Alonso Caxade

Vestuario: Marián Bañobre

Xastra: Bety Busto

Caracterización: Baia Fernández

Movemento escénico: Armando Martín

Imaxe e fotografía: Diego Seixo

Asistente de dirección: Natalia Feijoo

Técnica en xira: Héctor Pazos, Laura Triñanes

Produción e comunicación: Fátima R. Varela

Produción e distribución: Ibuprofeno Teatro SL

RECONVERSIÓN é un espectáculo de gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que forman unha charanga e interpretan a banda sonora en directo.

Entre o íntimo e o político, a montaxe é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na Ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

RECONVERSIÓN é unha viaxe desde a posguerra ata o "Felipismo" dos 80, pasando polo auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



G

Adulto

100
minutos

10€

ABRIL • Domingo 13

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

ROCK'N'MAGIC Mago Teto - Galicia

Maxia con música en directo



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Maxias: Teto
Guitarra eléctrica e voces: Mr. Cool
Baterista: Fer Risco
Técnico de iluminación e son: Javier Adán Ayude "Beca"
Deseño Gráfico: María Caramés
Fotografía: María Simón
Audiovisual: Granero Vídeo
Idea orixinal: Héctor Guerra
Composición e arranxos musicais: Ramón Orenco
Dirección artística: Fran Rei
Produción: Mago Teto
Distribución: Culturactiva

Un show que mestura as dúas principais paixóns de Teto: o rock e a maxia. Era cuestión de tempo unilas e sumar ao seu repertorio nun espectáculo cargado de ilusións, ritmo, humor e moita moita moita tralla.

Rock 'n' Magic, dirixido por Fran Rei, é mais que un espectáculo de maxia; é un concerto de rock and roll. O Mago Teto, un dos mellores e máis populares magos do noso país, une o seu talento ao de Fer Risco na batería e Mon Orenco na guitarra, para construír un espectáculo onde a maxia convive con algúns dos clásicos do rock and roll. Aparicións sorprendentes, xogos de adivinación e pequenas e grandes ilusións máxicas comparten protagonismo coa música rock. Led Zeppelin, Bob Dylan, Los Suaves e infinidad de rock stars están presentes neste espectáculo a través dunha banda en directo que son o complemento perfecto á maxia de Mago Teto.

Unha gran posta en escena, unha iluminación espectacular, participación do público, humor, maxia son os elementos que fan de Rock and Magic un espectáculo único, posiblemente a experiencia teatral máis parecida a un concerto de rock.



G

+8

75
minutos

5€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL • Venres 25

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



Produce: Colectivo D'Elas

Distribución: Amarelo Distribución-Lilian Portela

Colaboran: Galicia Danza Contemporánea, Asociación Cultural Manicómicos, Amarelo Distribución, O Ruiseñor, Peripecia Teatro e o Concello de Ferrol

Subvenciona: Agadic-Xunta de Galicia 2023

É difícil fotografar o baleiro é un espectáculo de 60 minutos de duración para teatros e auditorios con seis intérpretes en escena.

Este espectáculo é unha aposta por atopar se existe algo máis aló do corpo. É un interrogatorio poético da verdade, do centro, da transcendencia. A través das experiencias de seis corpos moi diversos atopámonos coa superficialidade da identidade, coa busca dunha esencia que nunca se pode atrapar. As dinámicas xeradas entre estas seis intérpretes, mergullan ao espectador nun tránsito entre corpos baleiros e corpos que aluden á intuición, á transcendencia, á ilusión, e que procuran máis aló da súa propia carne.

Nunha viaxe entre os cantos gregorianos e a música techno de LLXNTO e Bruno Baw, as seis bailarinas móstrannos corpos virtuosos pero humanos, con capacidades extraordinarias pero coas limitacións de ser mortais, machucables e imperfectos. Unha tentativa de habitar un corpo cru, doente, liimitante pero un corpo capaz de amar, sacrificar ou soñar máis aló. Afundindo ao espectador nunha viaxe visceral, sinistra e chea de metáforas e imaxes.

Coa atención á música, á coordinación e ao uso da palabra que caracteriza ao colectivo, *É difícil fotografar o baleiro* é un mundo plástico que por momentos lévanos a ver a música a través dunha masa de corpos, e por momentos atopámonos mergulladas na intimidade do individuo, no seu baleiro. A potencia de seis corpos entregados á escena na procura dunha identidade colectiva, dunha identidade propia, dunha esencia que parece imposible de alcanzar. Unha falta de identificación, unha colectividade a partir do único que queda, o corpo. Unha busca do baleiro como centro de tódalas cousas.

É DIFÍCIL FOTOGRAFAR O BALEIRO

Colectivo D'Elas - Galicia

Danza

DÍA INTERNACIONAL DA DANZA



Ficha técnica e artística:

Dirección: Julia Laport Rivas

Creación: Colectivo D'elas

Interpretación: Myriam González, Eloi García, Martín Sanjurjo, Andrea Castro, Noelia Mato, Iria Casal

Espazo lumínico: Nacho Martín Rivas

Espazo sonoro: Bruno Baw e LLXNTO

Vestuario: Yago Valverde e Elise Abella

Produción executiva: Myriam González e Julia Laport



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL • Sábado 26

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

SOFÁ

Cía martaalonsovejada - Galicia

Danza-teatro-circo

DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

DÍA MUNDIAL DO CIRCO



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Interpretación e creación: Pablo Reboleiro e Marta Alonso

Dirección e dramaturxia: Marcos PTT

Dirección de movemento e coreografía: Cía Sharon

Fridman: Melania Olcina Yuguero, Arthur Bernard Bazin

Espazo sonoro: Mounqup, Pablo Reboleiro

Realización de escenografía: José Perozo & Sandra Camalea

Iluminación e Dirección Técnica: Ángel Sousa

Produce: Cía martaalonsovejada con Pablo Reboleiro

Axuda á creación: Xunta de Galicia - Xacobeo 21-22

Coproduce: Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Colabora: Concello de Outes, Concello de Rianxo

A quen non lle gustan os domingos de sofá e manta? e de sofá e peli?

A Marta e a Pablo, que se coñeceron bailando, con todo, vanlles máis as tardes de sofá e danza. De sofá e de teatro. De sofá e circo. De sofá e música. Son, poderíase dicir, unha parella normal... pero non. Porque... a quen se lle pode ocorrer que os problemas de desconexión pódense solucionar facendo un espectáculo de danza cun sofá?

Marta Alonso e Pablo Reboleiro, desde logo, van tentalo. Porque as tardes en parella son para pasalas facendo o que a un máis lle gusta; e se é bailar, pois haberá que bailar. E se é dar pinchacarneiros, pois haberá que saltar e dar pinchacarneiros. E se é cantar, pois haberá que facelo forte e alto para que o escoite todo o público. E emocionarse, emocionarse moito; que con iso soña a arte cando se bota a durmir nas tardes de sofá e sesta.

SOFÁ é unha sitcom de danza, con teatro, circo e música en directo que fala dunha parella que podería ser a túa.



G

Adulto

70
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL • Domingo 27

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



OH-PERA

Zirko Txosco - Galicia

Novo circo

DÍA MUNDIAL DO CIRCO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Ariñe Azkue e Óscar Páez

Dirección: Aritza Rodríguez

Xéneros: Circo cómico e portés

Escenografía: latiendadelcervecero e FROPE

Vestuario: Ariñe Azkue

Colaboración técnica: Luciano Mezzotero

GAÑADOR DO CERTAME DO FESTACLOWN 2021

OH-PERA é unha viaxe polas posibilidades da vida, polas eleccións que tomamos no día a día, nas que o amor é a materia escura que os une. *OH-PERA* mestura teatro, humor e circo. O realismo síntese nas técnicas de circo cun risco totalmente real en canto a equilibrios, acrobacias e técnicas aéreas levadas a cabo dunha forma creativa, única e nunca vista. Cada acto ou paso que se dá, xera un cambio, unha evolución na relación dos personaxes, que os levará a situacións tan arriscadas como emocionais e, por suposto, divertidas.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MAIO • Venres 2

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

MANUELA REY IS IN DA HOUSE

Centro Dramático Galego, Teatro do
Noroeste-Centro Dramático de Viana,
Teatro Nacional Dona Maria II e Teatro
Nacional São João - *Galicia/Portugal*

Drama/comedia



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Dirección de escena e dramaturxia: Fran Nuñez
Elenco: Mariana Carballal, Neto Portela, Nuno J. Loureiro, Rafaela Sá, Raquel Crespo, Teresa Vieira, Xosé Lois Romero
Escenografía e vestuario: Pedro Azevedo
Deseño de luz: Nuno Meira
Apoio ao movemento: Guilherme Sousa
Apoio á creación: Neto Portela
Textos: A partir de textos de Manuela Rey e outros autores como Ernesto Marecos, Sousa Bastos, Almeida Garret, Eduardo Augusto Vidal, Mariana Carballal, Neto Portela, Nuno J. Loureiro, Rafaela Sá, Raquel Crespo, Teresa Vieira, Paula Ballesteros, Xaquín Núñez Sabaris e Xosé Lois Romero
Música: Xosé Lois Romero
Arqueóloga investigadora do INCIPIT/ CSIC: Paula Ballesteros
Transferecia de documentación: Andrés García, Antonio Reigosa, Consello da Cultura Galega, Teatro Nacional Dona Maria II, Museo Nacional do Teatro

Manuela Rey, "a muller lirio", é máis que unha liña no libro de enterros do cemiterio dos Praceres, en Lisboa. É un misterio que comeza en Mondoñedo, nunha casa de aldea, en 1842, e remata no Teatro Nacional Dona Maria II, en Lisboa. De Mondoñedo a Lisboa. De Galicia a Portugal. 23 anos de vida. 23 anos de teatro. Como reconstruír unha vida onde só temos anacos soltos e contraditorios? Sabemos que despois de seis anos foi entregada a unha compañía teatral itinerante, que percorreu León, Palencia, Bragança, Valença, Ponte de Lima, Viana do Castelo, Régua, Porto para que o grupo familiar adoptivo chegase a Lisboa e triunfase no Teatro Nacional Dona Maria II e morrese como unha estrela aos 23 anos. Manuela Rey é a historia esquecida do teatro galego e portugués. Actriz. Escritora. Neste espectáculo tentamos recuperar o que quedou da súa memoria. Porque sen memoria non hai Historia.



CONCELLO
DE VIGO



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO

ctn
dvo
TEATRO DO NOROESTE
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

TEATRO
NACIONAL
S. JOÃO

D.M^{II}
TEATRO
NACIONAL
D. MARIA II



NORMAS | Organización e acceso ao recinto

1 O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade** á hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicitase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

2 As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.

3 As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

4 As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.

5 **TODO o público pagará entrada,** independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen

entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao *Plan de autoprotección* do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.

6 Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.

7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.

8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.

9 Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.



VENDA DE ENTRADAS

PUNTOS DE VENDA

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina web de Giglon: www.giglon.com
- **Na Librería Libros para soñar** (Rúa Triunfo 1, baixo, Vigo), en horario de luns a venres de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas e os sábados de 10:30 a 13:30 horas.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no **despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles).

DESCONTOS PARA MOCIDADE

Co obxecto de fomentar a asistencia aos espectáculos de artes escénicas da mocidade, o público menor de 25 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiridas anticipadamente a través de Internet para os espectáculos de adultos, co código de desconto **OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio Municipal poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade)

ABONOS

(Só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio, **dispoñibles ata o 21 de marzo**):

ABONO Á CARTA 5: elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10: elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.



Existen 4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida (PMR) que NON contan con butaca física; son espazos adaptados para aquelas persoas que acudan en cadeiras de rodas. Así mesmo, hai 4 butacas ao seu carón reservadas para os seus acompañantes (de ser o caso).

No caso de adquirir entradas nesta modalidade é importante comprobar ao seleccionalas se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a PMR).

As entradas adquiridas destinadas a PMR sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.

Puntos de venda



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

CONCELLO
DE VIGO



'25
Vigo
cultura

INFORMACIÓN

Teléfonos desde Vigo: **010**

Desde móbil ou fóra de Vigo: **986 810 260**

Horario:

De luns a venres - de 8:00 a 20:00 h.

Sábados - de 10:00 a 14:00 h.



www.vigo.org

 @Vigo_cultura

 vigoicultura

Puntos de venda



giglon
.com



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

Dep. Legal: VG-30-2025

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR